

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORCUBIÓN

Taboleiro de anuncios electrónico

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

EXPEDIENTE: 2020/G003/000018

ANTECEDENTES:

De conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE 02/10/2015), coa intención, por parte do Concello de Corcubión, de comezar a publicar no taboleiro de anuncios electrónico e co fin de regular a súa aplicación.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO

1. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, deben publicarse no taboleiro de edictos municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica do Concello.

2. O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.

3. O taboleiro de anuncios electrónico publicarase na sede electrónica do Concello.

4. O taboleiro de anuncios electrónico disporá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do seu contido. Para os efectos do cómputo dos prazos que corresponda, establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

5. O taboleiro de edictos electrónico estará dispoñíbel as 24 horas do día, todos os días do ano, a través da sede electrónica municipal. Cando, por razóns técnicas, se prevea que o taboleiro de edictos electrónico poda non estar operativo, deberase informar diso aos usuarios con antelación suficiente, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro que estean dispoñíbeis.

6. Naqueles casos en que a publicación na sede electrónica substitúa ao taboleiro de anuncios presencial facilitarase aos cidadáns a consulta na sede física do Concello e, no caso de o requeren, asesoramento para tal efecto.

Data 21/01/2020

O alcalde-presidente

Manuel Insua Insua

A secretaria

Irene Suárez López

2020/535